

Carlos Amoedo Souto, Secretario Xeral da Universidade da Coruña, que actúa de conformidade co artigo 39 dos Estatutos desta Universidade, aprobados polo Decreto 101/2004 do 13 de maio, DOG do 26 de maio, modificados polo Decreto 194/2007 do 11 de outubro (DOG do 17 de outubro).

**CERTIFICA:**

Que o Consello de Goberno, na súa sesión do 28 de febreiro de 2013 acordou aprobar a seguinte corrección de erros advertidos nas “Directrices para a elaboración dos regulamentos relativos ao traballo de fin de grao nos graos da UDC” e no “Modelo de Regulamento dos TFG nos títulos de grao da UDC”, aprobados polo Consello de Goberno na súa sesión de 22 de xullo de 2011:

<<De acordo co disposto no apartado 3, do artigo 12, do RD 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais e co disposto no apartado 2.9, do artigo 3, da Normativa pola que se regulan as ensinanzas oficiais de Grao e Mestrado Universitario na UDC, procédese á corrección dos seguintes erros:

1. Directrices para a elaboración dos regulamentos relativos ao traballo de fin de grao nos graos da UDC (Consello de Goberno de 22/07/2011)

No apartado: “Directrices que deben seguir os regulamentos elaborados polos centros”, no subapartado: “b) En relación coa natureza e características dos TFG”:

**Onde di:** “Indicarase cales son as condicións académicas en cada grao para que o TFG poida ser defendido e avaliado, tendo en conta que como mínimo debe terse constancia fidedigna de que o estudiantado superou cando menos un total de 180 créditos, incluídos todos os da primeira metade do plan de estudos”.

**Debe dicir:** “Indicarase cales son as condicións académicas en cada grao para que o TFG poida ser realizado na fase final do plan de estudos, unha vez superados, cando menos, un total de 180 créditos, incluídos todos os da primeira metade. Para a súa defensa e cualificación é necesario que o estudante supere o resto dos créditos do título”.

2. Modelo de regulamento dos TFG nos títulos de grao da UDC (Consello de Goberno do 22/07/2011)

No apartado: “2. Natureza e características do TFG”, no subapartado 2.3.

**Onde di:** “A UDC establece que o TFG pode ser defendido e avaliado unha vez que se tiver constancia fidedigna de que o estudiantado superou cando menos un total de 180 créditos, incluídos todos os da primeira metade do plan de estudos, sen prexuízo do establecido na correspondente memoria do título verificado”.

**Debe dicir:** “A UDC establece que o estudante pode matricularse para realizar o traballo de fin de grao (TFG) na fase final do plan de estudos, unha vez superados, cando menos, un total de 180 créditos, incluídos todos os da primeira metade. Para a súa defensa e cualificación é necesario que o estudante supere o resto dos créditos do título”>>

Para que conste asino este certificado na Coruña, a 1 de marzo de 2013.

